



SRES/AS CONCELEIROS/AS DA CORPORACIÓN

NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos conclusos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 30 de outubro de 2020

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre**



observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- I. Borrador da acta da sesión celebrada o 25 de setembro de 2020.
- II. Borrador da acta da sesión celebrada o 29 de setembro de 2020

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

2. Proposta da alcaldía de aprobación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cee para a nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión (A Coruña).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

3. Proposta da alcaldía de aprobación inicial de modificación de crédito, transferencia 4/2020, para o mantemento e conservación de infraestruturas públicas (Expte 2020/T002/000025).
4. Proposta da alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2020 de facturas de exercicios anteriores (Expte 2020/X999/000169).
5. Proposta da alcaldía en relación coa solicitude de bonificación do 95% no ICIO, polas obras de Instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial, a instancia de Santiago Marcos Fernández, en representación de Gasolinera As Pías, SL. (Expte 2020/X999/000167).
6. Proposta da alcaldía relativa ao suplemento de crédito nº 2/2020: destino do superávit (IFS) (Expte. 2020/T002/000021).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

7. Proposta da alcaldía relativa á designación de membros da Mesa de Contratación Plenaria (Expte. 2020/G012/000029).

B) PARTE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

8. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Nº 667/2020, do 21 de setembro, á Nº 829/2020 do 23 de outubro.
9. Dar conta do envío ao MINHAP do informe de Tesourería e Intervención da morosidade do 3º trimestre 2020. (Expte 2020/X999/000168).
10. Dar conta do envío ao MINHAP do P.M.P. (período medio de pagamento a provedores) do 3º trimestre de 2020 (Expte 2020/X999/000168).
11. Mocións de urxencia.
12. Rogos e preguntas.



SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, martes 27 de outubro de 2020

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, martes 27 de outubro de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández